

RESOLUCIÓN DA DECANA DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 10 DE SETEMBRO DE 2024 SOBRE NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS DO GRAO EN DEREITO NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

A Memoria para a verificación do título oficial de graduado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, na súa versión orixinal, verificada positivamente pola Comisión de Verificación de Plans de Estudos do Consello de Universidades na súa sesión do 30 de xuño de 2010, prevía no seu apartado 5.1 que "9 ECTS poden obterse por recoñecemento académico pola realización de prácticas externas relacionadas coa titulación, de acordo co establecido no art. 12.6 do Real Decreto 1393/2007. Para obter o devandito recoñecemento, os alumnos deberían cursar e superar o total destes 9 ECTS mediante prácticas externas".

No ano 2018 á Facultade de Dereito promoveu unha modificación do título para incorporar as prácticas externas como materias optativas do grao, consonte coa recomendación feita polos avaliadores no proceso de renovación da acreditación do grao.

Xa que logo, para a programación do desenvolvemento durante o curso 2024/2025 das prácticas externas da titulación de graduado en Dereito sobre a base das propostas e acordos adoptados polos órganos colexiados da Facultade e a experiencia dos cursos anteriores,

RESOLVO

Primeiro.- *Prácticas externas dos alumnos da titulación de graduado en Dereito.*

1.- Os alumnos matriculados na titulación de graduado en Dereito poden obter ata 9 ECTS, pola realización das materias optativas de prácticas externas.

2.- A carga lectiva corresponde ós 4,5 ECTS de cada unha das materias optativas de prácticas externas distribuirase do seguinte xeito:

- a) 80 horas de prácticas presenciais nunha institución colaboradora.
- b) 70 horas de preparación das prácticas mediante o traballo persoal do alumno.
- c) 5 horas de redacción dunha memoria das actividades realizadas, cuxa extensión deberá ser de entre 5-10 páxinas cumplindo cos mínimos sinalados no Anexo a esta Resolución.

3.- O Decanato da Facultade xestionará as adaptacións necesarias na oferta de prazas para prácticas externas da titulación de graduado en Dereito, de maneira que se garanta que a mesma sexa suficiente para cubrir a demanda dos alumnos de grao.

Segundo.- Organización das prácticas externas.

1.- Os alumnos soamente poden realizar as prácticas externas en institucións colaboradoras coa Universidade de Santiago de Compostela, no marco do correspondente convenio asinado expresamente para este fin. A cada alumno asignaráselle un titor na entidade colaboradora para a realización das prácticas.

2.- A duración das prácticas externas é de oitenta horas e realizaranse durante un máximo de catro semanas, a razón de vinte horas cada semana, catro horas cada día. Malia o anterior, por acordo expreso entre o alumno e o responsable da entidade colaboradora pode acordarse unha distribución diferente da carga horaria, garantíndose, en todo caso, a duración total de oitenta horas.

3.- As prácticas externas realizázanse no caso da materia do primeiro semestre nos meses de novembro, decembro, xaneiro, e no caso do segundo nos meses de febreiro, marzo, abril e maio, segundo a

dispoñibilidade de cada institución colaboradora, consonte a planificación que o Decanato da Facultade fará pública no mes de outubro.

4.- A elección da institución e do período de prácticas levarase a cabo nun acto público que se celebrará na data do mes de outubro fixada polo Decanato da Facultade.

Nese acto, os alumnos matriculados nas prácticas externas serán chamados por orde da nota media simple do seu expediente, obtida directamente do Servizo de Xestión Académica. Cada alumno chamado escollerá a institución e o período de prácticas que desexe dentro dos que se atopen vacantes no momento do seu chamamento.

5.- Aqueles alumnos que non poidan asistir á reunión na data e hora sinaladas poden autorizar por escrito a outra persoa para que faga a elección no seu nome.

Os alumnos que non se atopen presentes ou representados poden solicitar con posterioridade que lles sexa adxudicada unha das prazas que resulten vacantes. Nestes casos atenderase únicamente á data da solicitude.

Terceiro.- Avaliación das prácticas externas.

1.- Para obter a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas externas é necesario reunir conxuntamente os tres requisitos seguintes:

- a) Acreditar a asistencia a un oitenta por cento das horas programadas.
- b) Recibir unha cualificación igual o superior a cinco puntos sobre dez do titor asignado pola institución na que se realicen as prácticas. Esta cualificación comunicarase ó Decanato da Facultade.
- c) Presentar nos 15 días naturais seguintes ao da finalización das prácticas externas a través do correo electrónico do decanato unha memoria detallada das actividades realizadas, axustándose ao modelo recollido no Anexo desta Resolución. A memoria, se é valorada positivamente polo/a coordinador/a das prácticas, pode incrementar a cualificación outorgada polo/a titor/a externo ata en dous puntos e medio, sempre que a devandita

cualificación sexa igual o superior a cinco puntos, e sen que a cualificación total poida superar os dez puntos.

Cuarto.- Coordinación académica das prácticas.

O/a Vicedecano/a de Organización Académica da Facultade de Dereito actuará como coordinador/a académico/a, sen prexuízo de que a titoría académica corresponda a outro docente, segundo o disposto no convenio aplicable.

DISPOSICIÓN FINAIS**Única. Entrada en vigor.**

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

ANEXO*Modelo de memoria das prácticas externas*

- Datos persoais:
- Datos da Institución de destino:
- Nome do tutor e cargo que ocupa na Institución de destino:
- Período de realización das prácticas externas:
 1. CONTIDO
- Descrición das actividades realizadas na Institución de destino (mínimo 30 liñas)

2. VALORACIÓN:

- 2.1 Contribución das tarefas asignadas á formación do estudiante (mínimo 15 liñas)
- 2.2 Grao de atención e tutorización por parte do responsable na Institución de destino (mínimo 15 liñas)
- 2.3 Grao de implicación efectiva do estudiante no desempeño das tarefas asignadas (mínimo 15 liñas)
- 2.4 Valoración global (mínimo 30 liñas)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Decana

Ana Gude Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: **ANA MARIA GUDE FERNANDEZ**, DECANO A DA FACULTADE DE DEREITO,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/09/2024 12:57:43.

CSV: E2D8-7D81-44C9-8B63